



Índice de confianza do consumidor. Cuarto trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

No cuarto trimestre de 2009 a confianza do consumidor aumenta 6 décimas con respecto ao trimestre anterior

Segundo os datos do cuarto trimestre de 2009 o "Índice de confianza do consumidor"¹, elaborado polo Instituto Galego de Estatística, reflicte un valor de -25,9 puntos, 6 décimas superior ao dato do terceiro trimestre de 2009.

Este aumento produciuse polo incremento dos indicadores parciais da situación financeira persoal e da capacidade de aforro futuro en 2,3 e 0,9 puntos, respectivamente, e pola diminución dos indicadores das perspectivas de evolución da situación económica de Galicia e das perspectivas de evolución do emprego, que baixan 4 e 5 décimas, respectivamente.

Índice de confianza do consumidor (ICC). Galicia

| Ano | Trimestre | ICC | Indicadores parciais de perspectivas de evolución | | | |
|------|-----------|--------------|---|--------------------------------|---------------------|--------------|
| | | | Situación financeira persoal | Situación económica en Galicia | Capacidad de aforro | Emprego |
| 2007 | I | -19,1 | -16,9 | -18,9 | -33,1 | -7,5 |
| | II | -12,9 | -14,8 | -12,2 | -35,0 | 10,4 |
| | III | -17,4 | -15,0 | -16,7 | -34,2 | -3,6 |
| | IV | -26,1 | -22,6 | -24,5 | -39,2 | -18,2 |
| 2008 | I | -27,7 | -24,3 | -26,4 | -39,8 | -20,2 |
| | II | -35,3 | -31,4 | -35,6 | -47,7 | -26,3 |
| | III | -37,1 | -30,8 | -39,0 | -44,4 | -34,1 |
| | IV | -40,7 | -30,1 | -39,2 | -46,9 | -46,8 |
| 2009 | I | -43,5 | -30,3 | -40,9 | -48,0 | -54,7 |
| | II | -33,2 | -20,1 | -26,2 | -47,7 | -38,7 |
| | III | -26,5 | -14,6 | -16,9 | -40,8 | -33,6 |
| | IV | -25,9 | -12,3 | -17,3 | -39,9 | -34,1 |

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

Perspectivas de evolución dos prezos e oportunidade de facer grandes compras

No cuarto trimestre de 2009, o indicador de perspectivas de evolución dos prezos aumenta 1,3 puntos con respecto ao trimestre anterior e o indicador da capacidade de facer grandes compras diminúe en 5,8 puntos.

¹ O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos



Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_consumidor_2009.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>